

ACTA Nº 60
ASEMBLEA ORDINARIA

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o día 6 de xulio de 2019, ás 17:00 horas en Santiago, no Estadio Multiusos de San Lázaro, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

Asistentes

D. Luis Martinez Mosquera	Club Bm.Arteixo
D ^a Montserrat Rey Salorio	Club B.Atlántico
D. Salvador de La Torre Iglesias	Club Bueu Atl.
D. Juan José Corral López	Club Bm.Campús Ourense
D. Rubén Fernández Reinaldo	Club B.Cañiza
D. Vicente Rua	Club Ad.Carballal
D ^a Iris Sestello Figueroa	Club B.Caselas
D. Angel Canedo Rey	Club B.Culleredo
D. Manuel López Penela	Club Descubriendo Lugo
D. Jesús López González	Club Atl. Guardés
D. Rubén González	Club Bm. Lalín
D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Luceros
D. Brais Caneiro	Club Bm. Narón
D. Augusto Aláez Legerén	Club ED.Poio
D. Óscar Allegue Iglesias	Club Bm. Pontedeume
D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
D. Diego Gondar	Club B.Rasoeiro
D. Rodrigo Touza	Club EB. Ribadavia
D. Xosé Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D. Iván Reinaldo Vallejo	Club DC. Ribeiro
D. Fco. Javier Aguiar	Club Bm. Rodeiro
D. María C.Prelchi Gallego	Club Seis do Nadal
D. José C. Ameijeiras Fernández	Club S.D. Teucro
D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
D. Javier Luengo	Club Vilagarcía Bm
D. José A. Rodríguez Fraga	Club Ad. Xiria
D ^a Andrea Cabaleiro Veloso	Árbitro
D. José Pérez Rodríguez	Árbitro

Preside a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina estando na mesa os Vicepresidentes Fernando Mosquera Pérez, Ignacio Permuy Varela a Directora Xeral Patricia Sanmiguel García e a Secretaria Xeral M^a Luisa Sueiro Cardoso.

O Presidente da a benvinda a todos os presentes, e agradece a súa asistencia á asemblea. A continuación presenta a Xunta Directiva presente.

O presidente informa do acordado na asemblea da RFEBM e pide desculpas pola remisión tardía das propostas.

O Presidente di que hai dous clubs presentes que non son membros da asemblea e pide permiso á mesma para permitir a súa presenza, na mesma así como a dos acompañantes dos asembleístas.

Informa de que en 1^a División Nacional Masculina, no grupo tocaron os clubs canarios e que a FGBM está tramitando para poder negociar as viaxes en conxunto e que así saia máis económico para todos.

A proposta dos play off na liga Asobal, División Prata como en nacional engadir unha eliminatoria máis, os clubs fixeron forza en común, pero ao final os play off aprobáronse para tempada 2020-21.

Desde o estamento de adestradores houbo unha proposta de que haxa transparencia na asignación dos sectores, pero a final non houbo acordo. Os clubs galegos foron dos poucos que non votaron pero case todo o mundo votou para que este aspecto non se modificase.

SEGURO DEPORTIVO

Estase negociando a renovación coa mesma correría pero estanse a estudar varias alternativas. O seguro di que o 15% dos sinistros son os que incrementan o coste da mesma e a lei de protección de datos non permite saber quen son os que incrementan o coste da mesma. O seguro propón unha suba do 25% aínda que se está a tentar que o incremento sexa soamente dun 10%-13%. Os clubs deben evitar as asistencias por urxencias que non requiren unha segunda visita. O ideal sería ter unha plataforma para poder cruzar os datos coa compañía aseguradora, e é no que se está a traballar.

TEMA ECONÓMICO

O Presidente di que o 1 de maio se fixo unha asemblea económica e informa de que a Xunta está a facer unha auditoría externa que está a ser moi exhaustiva, a auditoría tiña que estar preparada pero co Mundial vaise pedir un aprazamento xa que é imposible presentar toda a documentación. Os pagos

estanse a facer ao día e a federación ten liquidez, amortizáronse varios pagos importantes ás empresas: Transportes Raúl, Deportes González, Bieitonova; a RFEBM tiña que pagar 50.000 € do Campionato de España do 2018 e o descontaron da débeda, é algo que se está a tratar. As débedas pendentes máis salientables son: 75.000 € RFEBM, 42.000 Viaxes Interriñas, 76.000 € Campos e Rial, 7.000 € seleccionadores, 2.500 € Asesoría.

O representante do Club Teucro pregunta cal é a débeda.

O Presidente di que ata que non remate a auditoría non pode dar ese dato con exactitude.

O Presidente informa de que hai varios patrocinios, pero que a actividade diaria non permite adicarlle o tempo necesario aos mesmos. Informa de que están recibindo os pagos de clubs pendentes e que non se vai permitir a participación de ningún club con débeda de tempadas anteriores sen antes atopar unha solución para a mesma.

O representante do Club Pontedeume pregunta como se demostra que as sancións do Comité de Competición non son correctas.

O Presidente di que os clubs que non teñen licenzas é porque non teñen toda a documentación correcta para a tramitación das mesmas.

O representante do Club Pontedeume di que para recurrir as sancións do Comité hai que pagar e despois aínda que lle dean á razón non se recupera o diñeiro; o presidente aclara que a tarifa para realizar os recursos está no Noreba-GA e que non é algo que puxera a actual xunta directiva.

COMITE TERRITORIAL DE ÁRBITROS – COMISIÓN TÉCNICA

O Presidente informa de que a plantilla é escasa e hai malos hábitos adquiridos. Hai poucos días dende o Comité de Árbitros da RFEBM comunicaron varios ascensos de colexiados galegos a categorías superiores.

Andrea Cabaleiro pregunta se habrá Presidente de Árbitros proximamente.

O Presidente di que de momento non, xa que non é necesario que o se necesita é unha organización interna, un reparto de funcións e unha asimilación de responsabilidades por parte de todos/as, de pois xa se falará de xerarquías.

O Presidente informa de que non se vai a celebrar o Campionato de Seleccións provinciais esta tempada porque economicamente supoñía un gran gasto e non se dispoñía de tempo para organizalo ben.

A representante do Bm. Atlántico pregunta cal é o criterio para a selección de xogadores para o torneo de Cangas de Narcea, xa que este ano ninguén da federación se puxo en contacto cos clubs como en anos anteriores. Bruno dice que llevan 14 nenos/as dos que xa saben que queren realizar un seguimento, non quere dicir que sexan os mellores nin os peores, simplemente que eses 14 nenos/as reúnen unhas condicións antropométricas ou técnico-tácticas que consideran interesantes.

O Presidente di que a Cangas de Narcea é un torneo amigable onde a FGBM acude de xeito voluntario e onde serve para detectar talentos.

Varios assembleístas preguntan quen fai o seguimento xa que nunca viron a ninguén.

O Presidente di que neste caso preguntaron aos propios seleccionadores que seguen a categoría, de todos xeitos, os criterios non da federación ao mellor non son iguais aos que lles gustaría a cada un dos pais/nais.

O representante do Bm. Atlántico di que antes se falaba con todos os clubs de Coruña.

O Presidente di que a xente si se fai unha preselección con 54 nenos/as a xente se queixa.

A representante do Club Atlántico pregunta de onde son os seleccionadores.

O Presidente responde que de Pontevedra e Cangas, de Coruña un rexeitou estar por motivos laborais.

A responsable de Formación da FGBm. Carla Abad di que o que se seleccionou foron os nenos/as que nun futuro poden ser mellores.

O representante do Club Atlántico di que todos os xogadores nun futuro poden ser mellores.

A representante da Xunta Directiva da FGB. Elena di que este ano estiveron ollando xogadores/as do Xallas, Brigantium e Xiria e corpo técnico.

O Presidente di que se está nun proceso de reestructuración nas Seleccións Galegas.

Andrea Cabaleiro pregunta se a seleccionadora Infantil Feminina conta co apoio da federación, xa que no seu día lles dixeron que non pola falta de respecto que tivo cos árbitros.

O Presidente di que esa adestradora contará co apoio da FGBM mentres esté dentro do corpo técnico da FGBM, xa que se non contara co mesmo non iría a Cangas de Narcea nin o Campus. Ao respecto do altercado cunha colexiada, a Federación condena esas actitudes pero hai que analizar moitos aspectos antes de tomar unha decisión drástica.

O representante do Club Rasoeiro di que en todas as asembleas se di que o arbitraje se pode mellorar pero ao final non se fai e pensa que é algo que debe de tomarse máis en serio xa que o seu papel é difícil e complicado.

O Presidente di que o problema é que non hai árbitros e que si se continúa actuando así nos terreos de xogo cada vez haberá menos. Invita a todos os presentes a comprobar como se fan as designacións, para valorar o traballo das persoas encargadas. Informa de que soamente hai 54 árbitros e 33 anotadores e cada fin de semana xóganse ao redor de 125 partidos. Informa de que hai momentos nos que a plantilla descende un 70 %.

O representante do club Teucro pregunta se hai algún responsable de seleccionadores.

O Presidente di que non, xa que o que estaba dimitiu aos tres días do cambio da directiva.

O representante do Club Teucro pregunta se está previsto a figura do Director Técnico e se alguén se está a postular para o posto.

O Presidente resposta que se está a valorar e que a día de hoxe se manexan varias opcións, se hai un nomeamento oficial comunicárase.

O Presidente informa das competición e torneos no que se participou e di que o peche das competicións foi caótico xa que non había datas para celebrar as copas. Informa asemade de que se fixo unha xornada de formación arbitral en Viveiro, un curso de Bm. Praia, a clausura das Escolas da Deputación coa celebración do Bm. Na Rúa, e que a Selección Absoluta Feminina participou en Eukadi no Torno IV Nacións Feminino, o Arena 1000 en Bueu, o Torneo de Veteranos, o Campus JDR e a vindeira semana xogarase en Redondela un partido da Selección Junior Masculino contra Chile.

MUNDIAL JUNIOR

O Presidente di que a a semana que ven comeza o Mundial Junior Masculino e que desde a Federación a proposta foi que os clubs se implicaran na venda de entradas e aportaran voluntarios para o evento, di que a Federación Galega está ao cen por cen con este evento xa que se xoga o seu prestixio en 12 días. Pide aos clubs a súa Colaboración.

Informa de que a Federación Galega é a beneficiaria da taquilla e que a mesma se repartirá equitativamente cos clubs que vendan as entradas, por exemplo unha entrada de 7 € o club se leva un beneficio do 43 % o outro 57 % vaixe en impostos, taquillaxe, control de accesos e beneficio para a FGBM.

Con isto quere dicir que a Federación procurou xestionar antes o beneficio dos clubs que o da propia federación, xa que o beneficio é para todos os clubs galegos.

Informa de que esta semana se recibiron chamadas dicindo que os clubs de Pontevedra non están de acordo, non sabe si da provincia ou da cidade e di que este é un bo sitio para expoñer o tema. O Presidente di que si o reparto non é equitativo entre todos os clubs galegos a Federación está disposto a entregar a taquilla ao concello de Vigo ou Pontevedra, ou a Deputación de Pontevedra e que a repartan como queiran. Pero que si a taquilla é da Federación ninguén nos vai a dicir como temos que repartir a taquilla e moito menos dun xeito inxusto. E por moito que falen da federación ou del persoalmente nas redes sociais non se vai cambiar de opinión

O representante do Club Teucro, di que eles non están de acordo.

O Presidente lle responde que teñen un problema xa que a taquilla neste momento é da Federación.

A Directora Xeral Patricia Sanmiguel lle pregunta cantos voluntarios poñen.

O representante do club Teucro di que non poñen voluntarios

A Directora Xeral Patricia Sanmiguel pregunta ao Club Cañiza, Cangas, etc cantos voluntarios poñen para o mundial.

Ao que responden, Cañiza di que 35 e Cangas 25.

O Presidente di que non vai a cambiar de opinión e que a taquilla se repartirá equitativamente entre todos os clubs galegos.

O representante do Club Teucro pregunta que lle van a entregar á xente cando merquen a entrada, xa que primeiro hai que pagalas e despois se lle entregan por parte da Federación. Que lle van a entregar á xente un vale?

O Presidente di que si, que primeiro hai que pagalas e despois se lles envía as entradas, como en calquera evento..., coma nos partidos do Teucro por exemplo que primeiro pagas e despois sirven a entrada.

O representante del Club Rasoeiro di que loxicamente se a Deputación entra no mundial , é lóxico que entren todos os clubs da provincia, xa que as mesmas non están pensadas para as grandes cidades se non para todos.

O Presidente di que si alguén di que coa Federación non firmaron nada, é certo, polo cal está disposto a entregar a taquilla a quen corresponda, iso si a Federación deixa de participar no mundial e os 300 voluntarios que coordina tamén.

O representante do Club Bm. Luceros di que isto ven precedido porque a anterior directiva lles cedeu aos dous clubs da cidade de Pontevedra á taquilla do TIE, cando tampouco aportaron voluntarios, xa que os que os levaron foron o resto dos clubs da provincial.

O representante do teucro, di que non se falou cos clubs de Pontevedra nin de Vigo e non entende que o Presidente da Federación estea tan enfadado, xa que o seu club na asemblea do 1º de maio dixo que sin contraprestación económica non ían a colaborar.

O representante do club Poio pregunta cal é o compromiso da Federación co mundial.

O Presidente di que oficialmente ningún, xa que unicamente é un compromiso moral coa RFEBM e co balonmán galego xa que a Federación Galega non figura no convenio asinado entre RFEBM e Deputación. Unicamente se nos pediu voluntarios. Informa de que tamén costou conseguir prazas para a xente voluntaria que ven de fóra e que ao final se conseguiron 25 prazas.

A responsable de Formación da FGBm. Carla Abad informa de que os requisitos para esas prazas son dispoñibilidade completa os 15 días do mundial vivir a máis de 100 km. E ser maior de idade

PROPOSTAS ASEMBLEA COMPETICIÓNS

1ª proposta: Todas as categorías: Facultar ao Comité Territorial de Competicións para presentar en novembro as propostas de competición da tempada 2020-21.

O presidente informa de que desde a FGBm. se sabía que para a vindeira tempada 2019-20 non se podían tocar os dereitos deportivos adquiridos polos clubs, polo cal non se puido cambiar moito o modelo de competición, polo cal na primeira proposta se solicita á Asemblea a que faculte ao Comité Territorial de Competicións para que as propostas relativas ás competicións da tempada 2020/21 sexan presentadas na seguinte asemblea que se realizará no último trimestre de 2019 e se permitan modificar os dereitos deportivos.

Procédese a realizar a votación para a 1ª proposta: Todas as categorías: Facultar ao Comité Territorial de Competicións para presentar en novembro as propostas de competición da tempada 2020-21.

VOTACIÓN: SI: 26 NON: 0 ABSTENCIÓN: 2. Queda aprobada a proposta.

2ª Proposta: 1ª División Autonómica Masculina

O presidente informa de que non se toca a Copa Federación, o único cambio, xa que se detectou que á metade da tabla carecía de interese desde a metade da tempada, polo que se plantexa unha final four que de acceso a 2ª praza de dereito á mesma. Desde a FGBM Non se pretende que teña un custo excesivo polo cal se propón unha competición de dous días (semifinal e final).

O representante do Bm. Porriño, solicita que as datas de competición se comuniquen aos equipos antes da celebración da reunión das competicións, para que non coincidan todos os equipos xuntos.

O presidente di que nos próximos días se vai intentar facer chegar o calendario da competición nas divisións de honra, aínda que nas segundas divisións e máis complicado. E que a competición comezará na semana do 22 de setembro.

O responsable das competicións Óscar Pérez explica brevemente que o primeiro clasificado accederá directamente ao sector e o único cambio e a Final Four, se remitirá un correo informando das datas de competición.

O representante do Bm. Cañiza quere expresar o mesmo que manifestou na Comisión Delegada, que lle gustaba máis a competición por sector de 3 días, xa que dinamiza un pobo e se poden conseguir patrocinadores e para os nenos ten un aliciente.

O Presidente di que o que observaron e que os custes son máis elevados, algúns partidos non teñen interese competitivo e que a xornada dos venres supón un gran problema para os equipos de lonxe.

Procédese a realizar a votación para a 2ª proposta: 1ª División Autonómica Masculina.

VOTACIÓN: SI: 26 NON: 1 ABSTENCIÓN: 1. Queda aprobada a proposta.

3ª Proposta: 1ª División Autonómica Feminina

A representante do club Bm. Seis do Nadal, pregunta si non se vota a proposta da competición 2ª Autonómica Masculina.

O presidente di que a 2ª División Autonómica Masculina non supón ningunha modificación respecto ao do ano pasado, polo que se vote ou non vai a quedar como a da tempada 2018-19

O Representante do Club Ribeiro pregunta polas datas da competición do calendario

Ao que o Presidente resposta que nos vindeiros días intentarase enviar o calendario de competicións, pero a data de comezo será o 22 de setembro, e se comezará pola Copa e a Liga comezará en Outubro.

4ª Proposta: 1ª División Autonómica Feminina

O Presidente informa dos tres supostos presentados na proposta desta categoría. No suposto 1, se o número de inscritos é de un máximo de 14 equipos, a competición se realizaría no mesmo formato que en 1ª Autonómica Masculina.

No suposto 2 se o número de equipos e entre 15 e 18 se crearían dous grupos de competición, os 4 primeiros pelexarían polo título, arrastrando resultados da primeira fase, e os catro últimos pelexarían polo posto 9º ao 18º.

No suposto 3, se o número de equipos é de 19 ou máis se crearían dúas categorías.

O representante do club Cañiza pregunta se no suposto 2, non se respetarían os cabeza de serie.

O Presidente di que o tema é que si hai dous grupos, os catro primeiros de cada grupo meteríanse nun grupo e non se volvería a xogar con equipos cos que xa se xogou, se arrastrarían os resultados.

O representante do Bm. Porriño, pregunta si se fan dous grupos de 9, fan un calendario de 10 e son 18 xornadas e pensa que se andará moi xusto.

O Representante da Área de competicións, di que aínda que se andará moi xusto, si que entrarían.

Procédese a realizar a votación para a 4ª proposta: 1ª División Autonómica Feminina.

VOTACIÓN: SI: 25 NON: 0 ABSTENCIÓN: 3. Queda aprobada a proposta.

5ª Proposta: División Honra Xuvenil Feminina

O Presidente di que unha das competicións que ten máis complicacións é a Xuvenil Feminina e se plantexan tamén 3 supostos e se limita a División de Honra a 12 equipos, o suposto 1 e igual ao de senior feminina, se xogaríase a dobre volta, plantexando unha Final Four con semifinais e final.

No suposto 2º se o número de equipos é de 13 a 18 se dividiría en dous grupos, e no suposto 3, se hai máis de 19 equipos se farían dúas divisións. O demais ascensos, etc. Queda como estaba.

O representante da área de competicións di que se limita a 12 equipos polo tema das datas.

O Presidente di que o cambio máis salientable se refire ás copas, xa que as que se xogan actualmente non teñen aliciente competitivo e os que acadan praza para os sectores nacionais o teñen bastante complicado. O que se propón son torneos puntuais de dous ou tres fins de semana e que en todo momento se compita por algo, que se faga obrigatorio competir nun, e que os equipos que participen en sectores nacionais poidan non participar cando estén disputando a competición nacional.

O representante do club Bueu di que o que non pode pasar é que despois de confeccionado o calendario un equipo se retire e a competición quede pobre.

O presidente di que a intención e que haxa un abanico amplo de torneos e se poidan escoller o que se quere xogar. Nas reunións de competición se detallará o número de torneos que se van a facer e que os clubs decidan en que torneo queren competir.

O representante do club Bueu di que o tema é que haxa continuidade.

Procédese a realizar a votación para a 5ª proposta: División Honra xuvenil Feminina.

VOTACIÓN: SI: 24 NON: 0 ABSTENCIÓN: 24. Queda aprobada a proposta.

6ª Proposta: División Honra Xuvenil, Cadete e Infantil Masculina

O presidente informa que a competición é como a da tempada 2019-20 dándolle un aliciente ao primeiro de 2ª división e facendo que en división de honra non sexa o mesmo quedar 5º que 4º, unha vez que remate a liga a dobre volta da división de honra o 2º, 3º e 4º xoguen un sector cun equipo máis que sairá dunha eliminatoria entre o 5º de división de honra e o 1º clasificado de 2ª división e se xogará na casa do equipo de 2ª división a partido único.

O representante do club Bm. Porriño pregunta se os calendarios das tres categorías van a ir xuntas.

O Presidente resposta que si, que as únicas modificacións son as da Final Four.

O representante de competicións di que si que a categoría que supedita as competición é a xuvenil, xa que hai que dar o campión a RFEBM. En marzo.

O representante do club Rasoeiro, pregunta si se va a modificar a data dos play off.

O Presidente di que non se pode modificar porque está aprobado por asemblea que é o primeiro fin de semana de setembro.

O representante do club Rasoeiro, di que todo o mundo ten problemas para a tramitación das licencias e os adestramentos.

O Presidente di que por iso queren presentar un novo modelo de competición, para tentar que os play off se xoguen noutra data, e non hai ningunha proposta presentada para a modificación da data.

O representante do área de competicións. A división de honra o campión vai a seguir tendo a súa praza no sector e o que se fixo foi dinamizar a competición, é dar unha oportunidade ao primeiro de 2ª división para acadar praza no sector.

O representante do club Rasoeiro pregunta si hai algún criterio para elaborar os play off.

O Presidente di que si que son os criterios do ano pasado.

A Secretaria Xeral di que os calendarios dos play off se fan por sorteo. Os cabeza de serie son os que acadaron a clasificación na tempada 2018-19 e os demais compoñentes dos grupos se fai por sorteo. Informa que a vindeira semana vai a enviar os equipos que se inscribiron nos play off e que por favor revisen por se hai algún erro.

Procédese a realizar a votación para a 6ª proposta: División Honra Xuvenil, Cadete e Infantil Masculina.

VOTACIÓN: SI: 28 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

7ª Proposta: División Honra Cadete e Infantil Feminina

O Presidente di que a competición e igual que a que se acaba de aprobar polo cal vaise a proceder a votación da mesma.

Procédese a realizar a votación para a 7ª proposta: División Honra Cadete e Infantil Feminina.

VOTACIÓN: SI: 28 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

8ª Proposta: 2ª División Xuvenil e Cadete Masculina e 2ª División Cadete Feminina

A 2ª División está condicionada polo número de equipos que se inscriban, daquela o que se fixo é un sistema aberto dependendo o número de equipos que se inscriban e que non modifica moito o que se viña facendo en anos anteriores. As copas son iguais

O representante do Club Porriño pregunta se os grupos se van a facer por proximidade xeográfica.

O Presidente di que non se establece o criterio xeográfico, xa que o ano pasado había unhas competicións ben montadas que por ese criterio deportivamente se viron perxudicadas. Se a asemblea di que ten que ser por ese criterio por haberá que engadir unha modificación, pero o ideal é que na reunión da competición saian propostas non condicionadas por ese criterio.

O representante da área de competicións di que o principal handicap é non saber o número de inscritos ata setembro.

A representante do Club Bm. Atlántico di que en setembro os nenos xa están no instituto e é difícil de captar nenos/as, e ademais as clases comezan a mediados de setembro.

Procédese a realizar a votación para a 8ª proposta: 2ª División Xuvenil e Cadete Masculina e 2ª División Cadete Feminina.

VOTACIÓN: SI: 26 NON: 2 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

9ª Proposta: 2ª División Infantil Masculina e 2ª División Infantil Feminina

A competición de 2ª División Infantil Masculina e Feminina é exactamente igual que a anterior.

Procédese a realizar a votación para a 9ª proposta: 2ª División Infantil Masculina e 2ª División Infantil Feminina.

VOTACIÓN: SI: 24 NON: 1 ABSTENCIÓN: 3. Queda aprobada a proposta.

10ª Proposta: Alevín e Benxamín Mixto

O Presidente di que nas categorías Alevín e Benxamín mixto a idea e que cada un poida competir ata onde queira e dende cando queira. A federación propón diversificar a competición, non impota que un mesmo

nenos participe en competicións diferentes e con dous equipos diferentes do mesmo club, sempre e cando non coincidan na mesma semana.

O Presidente di que a proposta é que unha semana se xogue a liga alevín 7 que é a que da dereito a participar no Cpto. Galego de clubs e liga benxamín de mini balonmán que é a que da dereito a participar no campionato galego, e a semana seguinte tamén se xogaría unha copa alevín 7, unha copa alevín 5 e copa benxamín 5.

A intención é que haxa unha multitude de posibilidades para os clubs. Tamén haberá unha competición mini benxamín.

A representante do Club Seis do Nadal pregunta se a copa sería por concentración.

O Presidente di que menos o balonmán 7 o demais sería por concentración. Si saen 90 equipos en Pontevedra, ao mellor haberá que facer 10 grupos.

A experiencia con Ourense con este sistema foi moi positivo.

O representante do Club Cañiza di que él competiu nas dúas e poden opinar, e di que son cousas distintas, di que si tes un equipo alevín competitivo o alevín 5 queda curto.

O Presidente responde que pode non xogar a balonmán 5 que é optativo.

O representante do club Cañiza di que o sistema concentración supón paralizar a un monitor ou dous toda a mañá no pavillón. Ao que o Presidente resposta que si é o organizador se non, non.

O representante do Club Cañiza, di que aínda que non se organice se vai a xogar por concentración ten que xogar toda a mañá.

O representante do club Porriño, pregunta se os participantes das escolas de deputación poderían participar nesta competición.

O Presidente di que si, e que este ano os nenos das escolas da deputación teñan que estar federados, xa que será a federación quen meta aos nenos.

O representante do Club Cañiza, pregunta se non se poden escribir unhas normas e unhas bases coas porterías de benxamín.

O Presidente di que si pero que primeiro se vote a competición e despois en rogos e preguntas se debate as porterías.

Procédese a realizar a votación para a 10ª proposta: Alevín e Benxamín Mixto

VOTACIÓN: SI: 25 NON: 0 ABSTENCIÓN: 3. Queda aprobada a proposta.

11ª Proposta: Campionato Galego de Clubs Alevín e Benxamín Mixto

O Presidente explica a competición e di que o que quere dicir é que a competición vai a ser por cercanía pero non por provincias e o que non se vai a facer que no campionato galego teña que clasificar un club de cada provincia, e a idea na vindeira tempada e que participen os primeiro de cada grupo, xa que no campionato galego deben estar os mellores equipos.

Procédese a realizar a votación para a 11ª proposta: Campionato Galego de Clubs Alevín e Benxamín Mixto

VOTACIÓN: SI: 28 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

11ª Proposta (bis): Copa Galicia Senior Masculina e Feminina

A intención é que comece cos oitavos de final, a primeira idea è que participaran os equipos de territorial, pero os equipos de 1ª Nacional dixeron que para eles é un aliciente xogar cos equipos de Asobal ou da prata na súa casa. E para que todos teñan esa oportunidade, os equipos de Asobal e prata van cada un por un lado e os 12 equipos de 1ª Nacional se meten nun bombo e saen as eliminatorias. As semifinais e finais se disputarán nunha localidade a determinar pola Federación. Os oitavos e os cuartos se xogarán entre semana, sempre na casa do equipo de categoría inferior, en categoría masculina.

O Presidente di que hai que votar a categoría masculina e feminina xuntas.

O representante do club Porriño, di que lle sorprende que en categoría feminina a competición levaba parada un par de anos e no seu caso teñen a pretempada pechada, e aínda que lle parece unha boa idea as datas plantexadas para as semifinais e final, para o seu club son inviables.

O Presidente di que están dispostos a levar unha modificación.

O representante do club Porriño di que o único que pide e nunha reunión posterior chegar a un acordo para as datas das semifinais e final.

O Presidente di que se modifica que na categoría feminina a Fase Final (semifinal e final) queda pendente dunha reunión cos clubs afectados, quedando anuladas as datas propostas.

O representante do Club Xiria pregunta cal é o cambio respecto ao ano pasado.

O Presidente di que o cambio é que teucro e cangas entrarían xa na primeira eliminatoria.

Procédese a realizar a votación para a 11ª proposta (bis): Copa Galicia Senior Masculina e Feminina.

VOTACIÓN: SI: 19 NON: 0 ABSTENCIÓN: 9. Queda aprobada a proposta.

12ª Concesión da Organización de sectores/Fases Finais e eliminatorias pola Final Four

O Presidente di que hai un erro na numeración das propostas e que esa sería en realidade a 13, e di que o que se propón e que calqueira club ou institución poida solicitar a organización das fases e que se faga un concurso público cunhas bases claras de puntuación e que haxa unhas condicións de participación para optar a realizar esas fases. O resultado será público e transparente. O que se busca é que non se peche a organización aos demais clubs ou concellos, xa que agora hai moi pouco tempo para solicitalo.

O representante da área de competicións di que se trata de poñer nas bases de competición un período de 15 días para solicitalo, antes de rematar a competición.

O Presidente di que non é o tema económico o máis importante, se non deportiva e de fomento o balonmán.

O representante do club Bm. Porriño pregunta se desaparece que o 2º, 3º clasificado teñan dereito a organización.

O Presidente responde que si, e que o único que decidirá a FGBm. é a organización do Campionato Galego de Clubs Alevín e Benxamín.

O representante do Club Xiria, pregunta se non sería bo decidir os criterios antes.

O Presidente di que as puntuación van a ser claras, e que este ano o 90% dos sectores galegos foron deficitarios para a federación, e que o interese é máis deportivo, aloxamento, actividades paralelas e de promoción.

O Presidente di que este ano tivemos problemas para a organización dos sectores.

Varios asembleístas din que non é o mesmo quedar 2º ou 3º.

A Secretaria Xeral di que esta tempada tivo que chamar a varios clubs pedíndolle que organizaran os sectores.

O representante do club Culleredo di que o ano pasado organizaron eles a fase final porque ninguén a quería organizar e se fixo por sorteo.

O Presidente di que o que non pode ser é que se organice un sector e que non haxa ninguén do club organizador na instalación.

O representante do Club Porriño, di que a eles lles pasou, ir a xogar a previa e no pavillón non había ninguén do club organizador.

A Representante do club Seis do nadal é moi importante respetar as datas da competición.

O Presidente di que se ía traer o calendario das competicións, pero que é millor pensar ben as datas e respetar o calendario ata o final.

Andrea Cabaleiro pregunta que si non hai ningún club interesado en organizar un sector, se hai algún criterio obrigatorio.

O Presidente resposta que non.

Procédese a realizar a votación para a 12ª proposta: Concesión da Organización de sectores/Fases Finais e eliminatorias pola Final Four.

VOTACIÓN: SI: 27 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1. Queda aprobada a proposta.

PROPOSTAS MODIFICACIÓNS DO NOREBA

13ª Modificación do Artigo 24g do NOREBAGA: ALIÑACIÓN DE XOGADORES

O Presidente di que hai sobre catro mil e pico licenzas femininas e sete mil e pico masculinas e se detectou que un gran número de sancións é por levar menos xogadores/as do que marca o Noreba sobre todo nas categorías femininas, desde a Federación non hai ánimo recaudatorio, o problema dos clubs non é tramitar 12 licenzas, se non que é presentar 12 xogadores/as nun partido. Polo que a FGB o cambio que plantexa é modificar o número de xogadoras femininas en acta, e baixar o número tamén nas categorías base.

O representante do club Poio pregunta, que si por cada xogador que falte ese será o importe a pagar.

O Presidente di que si, e que é o que xa está establecido, o único que se modifica é o número mínimo de xogadores.

O representante das E. Ribadavia, pregunta que si hai un xogador lesionado se pode inscribir en acta.

O Presidente responde que non, aínda que se sabe que os clubs están a inscribilos.

O Representante das E. Ribadavia, di que claro que si o ten lesionado e non o pode inscribir vai a ter sanción.

O Representante do Club Bueu, di que xa se está a rebaixar o número de xogadores inscritos en acta e iso fai que se rebaixe as sancións.

O Presidente di que se analizou o que pasou este ano, e nas categorías base moitas veces os nenos xogan a varias modalidades deportivas, pero que en xuvenil se vaia xusto de xogadores pois xa é máis preocupante.

O representante dos Árbitros José Pérez pregunta por que hai esa diferenza entre os clubs masculinos e femininos.

O Presidente di que é porque son categorías máis inestables é hai que fomentar as licenzas femininas. A representante do club Atlántico pregunta se é tan grande a diferenza entre o número de licenzas masculinas e femininas, se hai datos do número de sancións entre uns e outros.

O Presidente responde que si, pero que non ten o número exacto.

O representante do Club Ribeiro pregunta si en xuvenil son 12, pero se levan cadete, se hai sanción.

O Presidente responde que non, que si se presenta o número de xogadores mínimo, non hai sanción.

Procédese a realizar a votación para a 13ª proposta: Modificación do Artigo 24g do NOREBAGA: ALIÑACIÓN DE XOGADORES

VOTACIÓN: SI: 26 NON: 1 ABSTENCIÓN: 1. Queda aprobada a proposta.

14ª Modificación do Artigo 19 c) do NOREBAGA: ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FGBm.

O Presidente informa que esta proposta se refire aos horarios dos partidos. A modificación é que en xuvenil e senior se poidan disputar partidos o domingo de tarde sen que teñan que estar ambos clubs de acordo. Se un club ten as tres categorías de división de honra xuvenil, cadete e infantil, lóxicamente non se pode xogar de tarde, xa que as tres categorías teñen que ir na mesma franxa horaria. A federación lle aliviaría moito a nivel arbitral e ademais os partidos que xogan os domingos pola tarde teñen unha gran afluencia de público. A Federación sabe que un dos problemas son as instalacións, pero os concellos teñen que entender que si un campo de fútbol se abre pola tarde un pavillón tamén.

O representante do club Porriño pregunta que si coinciden as tres categorías xuvenil, cadete e infantil, iso indica que non se pode xogar domingo pola tarde.

O Presidente resposta que iso xa o indica o Noreba que as tres categorías teñen que ir na mesma franxa horaria.

O representante do Ribadosar di que xuvenil pode xogar pola tarde pero o cadete non, e as dúas categorías estaban viaxando xuntas.

O Presidente di que non que si o partido cadete non se pode xogar de tarde o xuvenil tense que adaptar a categoría cadete e xogar pola mañá.

O representante do Club Bm. Cañiza, pregunta que se os clubs se poñen de acordo en que o cadete xogue tamén pola tarde, poderían xogar coas dúas categorías.

O Presidente responde que si, pero na categoría cadete si que ten que haber acordo entre os clubs.

O Presidente di que a todos os clubs se lle vai a pasar un calendario cos adestramentos das seleccións galegas, e pide que por favor, non se poñan partidos pola tarde se ese día hai adestramento da selección.

A representante do club Seis do Nadal pregunta cando e con canta antelación se vai a enviar esa programación.

O Presidente responde que antes de comezar a tempada. Seguramente no mes de setembro. Di que claro se un club programa un partido domingo pola tarde, se hai un adestramento da selección, o lóxico e que o club que ten seleccionadas xogadoras solicite un aprazamento do mesmo.

A representante do club Seis do Nadal, di que o Concello de Vigo lle pide os horarios con quince días de antelación, e claro se despois teñen que modificar un horario teñen que pagar e despois voltar a pagar a pista.

O representante do Árbitros José Pérez pregunta se nese horario non se pode acotar e celebrarse os partidos suspendidos e así non ter que xogarse entre semana, xa que a tempada pasada se suspenderon 112 partidos e todos se xogaron entre semana.

O Presidente di que os partidos que se xogaron entre semana, a partir de xaneiro a federación asumiu os gastos e as dietas, pero non é sostenible e na próxima tempada todos os gastos que veñan derivados dos partidos xogados entre semana terán que pagalos os clubs.

O representante do Club Rasoeiro di que tamén é certo que hai unha tarifa única nos arbitraxes e as veces vai un so árbitro e ahí se aforran cartos, polo cal tamén os clubs pagan máis.

O representante do club Ribeiro pregunta se non hai criterio de distancia para poñelo o domingo pola tarde.

O Presidente di que iso non se toca, queda igual como estaba.

O representante do Club Luceros, pregunta si se poden poñer os partidos das tres categorías xuvenil, cadete e infantil.

O Presidente di que hai si que teñen que estar de acordo, xa que a categoría que prima é a infantil.

Procédese a realizar a votación para a 14ª: Modificación do Artigo 19 c) do NOREBAGA: ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FGBm.

VOTACIÓN: SI: 23 NON: 4 ABSTENCIÓN: 1. Queda aprobada a proposta.

15ª Modificación do Artigo 49 do NOREBAGA: BALÓN DE XOGO

O Presidente informa que esta proposta refírese ao balón de xogo, o cambio é na marca, xa que a federación chegou a un acordo con Hummel, xa que o que se comprobou é que o balón Select tiña varios prezos e que non estaba dispoñible en tempo e forma e nalgunha categoría a calidade era mellorable. O Balón Hummel sae cun custo unitario para todas as categorías de 16 €. O balón vai a estar dispoñible e ademais a federación terá balóns para os clubs que desexen compralo. O Presidente quere deixar constancia que a Federación non ten ningún tipo de comisión no balón.

O representante do Club Porriño pregunta se o balón ten que levar o logo oficial da federación.

O Presidente responde que non, que se ten que xogar simplemente co modelo oficial.

O representante do Club Porriño, di que ao club lle chegou un correo dunha empresa “pega balonmán” ofertando balón da marca Hummel.

O Presidente di que esa non é a empresa, e que non sabían nada.

A representante do Club Atlántico di que non lle coincidían os prezos que había dito o Presidente cos que recibiran de esa empresa, di que un balón e máis barato e outro máis caro.

O Presidente di que a condición é xogar con balón Hummel, e que na páxina web se vai a habilitar unha tenda online. E a federación comprométese a que os clubs compren os balóns a través da federación para evitar os gastos de envío. O que ten que quedar claro é que balón que se aprobe, vai a ser obrigatorio xogar co mesmo.

A representante do Árbitros Andrea Cabaleiro pregunta se a obrigaón é a marca Hummel ou teñen que ser os modelos que aparecen na proposta.

O Presidente di que teñen que ser os modelos que aparecen na proposta.

A representante do Club Atlántico pregunta si son as tallas 2 ou 3 ou todas.

O Presidente di que o modelo Kids, é o que colle as categorías de base.

O representante do Club Rasoeiro pregunta se a Federación probou o balón, xa que el pensa que o kids está ben pero o arena non é tan bo.

Procédese a realizar a votación para a 15ª: Modificación do Artigo 49 do NOREBAGA: BALÓN DE XOGO

VOTACIÓN: SI: 26 NON: 0 ABSTENCIÓN: 2. Queda aprobada a proposta.

O presidente di que antes de seguir coas propostas das modificacións do NOREBAGA, se vai a debater as dúas propostas presentadas polo Club BM. Narón.

PROPOSTAS PRESENTADAS POLO CLUB BM. NARÓN

1.-)EXCEPCIÓNS DE “DUPLICIDADE DE LICENZA”

O Presidente lle pide ao representante do Club Narón que expoña as súas propostas

O representante do Club Narón, di que a proposta a presentan porque ao chegar ao club encontráronse co impedimento de poder ser delegado do equipo sénior e adestrador do equipo infantil, e non entendían cal era o prexuício que pode causar.

E tamén inclúen que se poida simplificar as funcións e que un adestrador poida ser adestrador ou axudante e un delegado poida ser de campo de equipo ou auxiliar.

E na segunda proposta piden que unha soa persoa poida ser delegado de equipo ou de campo, xa que aínda que son función diferentes pero que son posibles para unha soa persoa.

O Presidente di que a primeira proposta están de acordo pero na segunda non, xa que as función son moi diferentes. O Presidente di que se somete a votación a primeira proposta.

Andrea Cabaleiro pregunta si o que quere dicir é que un oficial poida facer de adestrador e ao contrario. Xa que di que non está ben redactada a proposta

O Presidente di que non, que un adestrador si que pode facer de oficial pero o oficial non pode facer de adestrador.

O representante do club Xiria di que non está clara a redacción.

O Presidente lle pide ao Narón se lle permite redactar ben a proposta que aclara que o adestrador si que pode facer de oficial pero o oficial non pode facer de adestrador.

O representante do Club Narón di que si.

Procédese a realizar a votación para a proposta do Clubs NARÓN: Excepcións de “Duplicidade de licenza”

VOTACIÓN: SI: 28 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

2.-) PERSOA DELEGADO EQUIPO+CAMPO

O representante do Club E. Ribadavia pide que lle ao Presidente da FGB. Que por favor lle diga cales son as diferenzas que él ve nas funcións do delegado de equipo e de campo.

O Presidente di que ten claro que os delegados de campo non saben exactamente cales son as súas funcións e non asumen a súa responsabilidade. No NOREBAGA están establecidas as funcións do delegado de campo e un delegado de equipo ten complicado facer as dúas funcións.

O representante do Club Rasoeiro di que na base so fai falla adestrador. E lle respostan que non.

O representante do Club Bueu di que entende a proposta xa que é pola falta de persoal, pero o que pasa é que as funcións son totalmente distintas.

O Presidente di que é como se a federación di que non ten árbitros, xa que a figura do delegado de campo é moi importante, e si sacou antes proposta é porque as propostas que presenta a federación son totalmente opostas, xa que unha das propostas é que os delegados fagan un curso online.

O representante do Árbitros José Pérez di que o Delegado de campo é a figura máis importante que hai dentro do terreo de xogo.

O presidente di que entende o enfoque da proposta, pero unha cousa é ter man esquerda e outra permitir todo.

O representante do club Bueu di que o importante é a figura do delegado de campo que é a figura importante.

O Presidente di que iso vai en detrimento da competición.

O representante do Club Porriño di que en categoría benxamín se permite, presentar un adestrador e un oficial.

Procédese a realizar a votación para a proposta do Clubs NARÓN: Persoa Delegado Equipo+Campo

VOTACIÓN: SI: 12 NON: 14 ABSTENCIÓN: 2. Queda desestimada a proposta.

Ao finalizar está votación os representantes dos clubs Bm. Pontedeume e Bm. Vilagarcía abandonan a asemblea.

16ª Modificación do Artigo 29 do NOREBAGA: DELEGADO DE EQUIPO

O presidente informa que a modificación é que para tramitar licenza de equipo hai que facer un breve curso online e a obriga do delegado de levar a conta dos goles dos xogadores do seu equipo.

Esta proposta ven porque os árbitros din que os delegados non colaboran con eles á hora de contrastar os datos.

O representante do club Bueu di que pensaba que se refería ao resultado final.

O representante do club Ribadosar di que está de acordo na realización do curso, pero que en lugar de obrigatorio debería ser voluntario, xa que non hai delegados.

O Presidente di que si é voluntario non o fai ninguén, e o que se ten que garantir e que haxa uns coñecementos mínimos do seguro deportivo.

O Vicepresidente Fernando Mosquera di que a hora de facer o parte o delegado é o responsable e ao final non sabe o que ten que facer.

O representante do Club Porriño, di que si está encamiñado ao seguro, di que ao millor o máis productivo é facer un ha reunión presencial e que cada club leve obrigatoriamente unha persoa.

O Presidente di que o seguro é moi importante e hai que ter unhas nocións básicas de como funciona o seguro, xa que a federación ten predisposición a colaborar, pero que non

O representante do Club Xiria, di que a realidade é que os clubs non teñen xente preparada para o tema do seguro deportivo, e que é moi interesante a proposta do curso.

O representante do Club Cañiza, di que está de acordo cos representantes do Porriño e Xiria, e pregunta se os clubs van a ter o teléfono da persoa responsable na federación do seguro deportivo, para calquera dúbida incluso os domingos.

O Presidente di que xa hai esa persoa, é Fernando Mosquera, e xa leva todos estes meses facendo esas xestións.

O representante do Rodeiro pregunta se nas categorías infantís vai a ser necesario.

O presidente di que si a presentan si, e si un adestrador fai funcións de delegado ten que facer o curso.

O representante do Seis do Nadal pregunta si un adestrador que puntualmente faga funcións de delegado, ten que ter o curso.

O Presidente di que o máis sinxelo e que no club haxa varias persoas que o fagan.

O representante do Club Ribadosar pregunta si é necesario a presentación na categoría infantil é necesario un adestrador e dous oficiais ou un so.

O Presidente di que que a obriga é de un adestrador e un oficial.

Os representantes dos clubs Bm. Pontedeume e E. Vilagarcía abandonan a asemblea ás 19:35 horas, antes de realizar a votación

Procédese a realizar a votación para a 16ª: Modificación do Artigo 29 c) do NOREBAGA: DELEGADO DE EQUIPO

VOTACIÓN: SI: 12 NON: 4 ABSTENCIÓN: 10. Queda aprobada a proposta.

17ª Modificación do Artigo 29 do NOREBAGA: DELEGADO DE CAMPO

O Presidente di que hai un erro na redacción, xa que se refire ao delegado de campo e as súas funcións.

Procédese a realizar a votación para a 14ª: Modificación do Artigo 30 do NOREBAGA: DELEGADO DE CAMPO

VOTACIÓN: SI: 13 NON: 4 ABSTENCIÓN: 9. Queda aprobada a proposta.

18ª Modificación do Artigo 53 b) do NOREBAGA: CONSIDERACIÓNS COMPLEMENTARIAS, DIFUSIÓN DE RESULTADOS.

O Presidente informa que esta proposta refírese a que en categoría sénior e división de honra xuvenil, cadete e infantil sexa obrigatorio subir os vídeos antes do xoves seguinte as 20:00 horas. Asi permite que dende a área técnica faga mellor o seguimento, permite controlar o tema arbitral, etc. Nas segundas divisións sería totalmente voluntario.

O representante do Club Culleredo, di que si xa é complicado ter xente para os bancos máis complicado é ter unha persoa para gravar os partidos e facer a inversión dunha cámara..

O Presidente pregunta canto pode custar unha cámara a día de hoxe e pregunta que si a Federación compra as cámaras se os clubs se comprometen a gravar os partidos.

Os representantes de varios clubs din que non, que eles teñen cámara pero non teñen xente para facelo.

Os representantes dos clubs Teucro e Xiria abandonan a asemblea.

O Presidente pregunta se non hai ninguén na grada para facelo.

O representante do club Bueu pregunta se é en todas as categorías de división de honra.

O Presidente di que si, e pensa que si se quere medrar é necesario intentalo, e no tema arbitral e moi necesario para facer o control. E lle pide aos clubs que fagan un esforzo.

O representante do Culleredo di que sempre se lles pide aos clubs un esforzo, para árbitros, para a base, para gravar os partidos, e di que facer algo de un ano para outro obrigatorio, non esta de acordo.

O representante do Rasoeiro di que lle parece moi interesante, pero moi complicado conseguir xente e que ademais teña unha sanción económica pois non lle parece xusto.

O Presidente lle di que lle propoña unha fórmula de sanción que non sexa económica, pero que asegure que os clubs vaian a subir os vídeos á plataforma.

A representante do club Seis do Nadal pide flexibilidade á hora de subir os vídeos, xa que na mesma semana é imposible, por motivos técnicos ou persoais, xa que se nalgunha semana igual non é posible facelo.

O representante do Club Porriño pregunta se vai a ser como na Federación Española e quere saber se todos os clubs van a ter acceso aos vídeos, xa que iso é beneficioso para todos e opina o mesmo que a federación ten que ser flexible á hora de subir os vídeos por parte dos clubs.

O Presidente pregunta canto tempo necesitan xa que o prazo é máis que razoable, xa que teñen ata o xoves seguinte da celebración do partido.

O representante do club Porriño pregunta se ao ser menores non hai problema coa protección de datos.

O Presidente di que non, xa que ao tramitar á licenza unha das cláusulas que asinan é a da cesión de imaxes, pero que as mesmas non se van a facer públicas a non ser que os clubs queiran

O representante do Club Cañiza di que está de acordo de que hai que crecer, pero aínda non está por escrito o compromiso da Federación de que si vai a haber árbitros na categoría alevín e benxamín.

O Presidente di que se analiza ás designacións do último trimestre xa se está intentando designar árbitros nestas categorías, xa que non hai árbitros. Informa de que hai árbitros nestes intres en Portugal, na Granollers Cap, etc.

Na provincia da Coruña chegouse a un acordo cos clubs fai uns anos, no que teñen que aportar un número de persoas para que no caso de que non se poida designar un árbitro, pite unha desas persoas ás cales o club locatario lles paga. E desexa que conste en acta que a predisposición da Federación é designar árbitros en todas as categorías desde prebenxamín ata sénior, xa que todas as competicións son importantes.

O representante do Club Culleredo di que non lle parece que sexa obrigatorio de un día para outro, xa que non coñecen a plataforma, non saben como se fai, nin como funciona o sistema que si coñecen os clubs nacionais, e que o inicio de tempada vai a ser complicado coa nova web. E que aínda que lle parece ben cree que hai que formar aos clubs no uso da mesma.

O representante do Club Porriño pregunta si se pode facer obrigatorio en sénior e xuvenil esta tempada soamente.

O Presidente di que si se pode facer, pero non quere que se lle diga que as convocatorias non son xustas en infantil e cadete, xa que non se pode contratar a seis seleccionadores para facer o seguimento de todos os xogadores galegos. E di que todos os equipos teñen xente na grada para grabar o partido. Non se trata de sancionar porque os partidos estean mal gravados, simplemente é conseguir que todos suban os vídeos.

Os clubs din que non lle poden obrigar aos pais que o fagan xa que así non se pode ver o partido, e que entenden que si non se fai obrigatorio ao final non se fai.

O Presidente di que si o período para subir os vídeos é indefinido ao final non se fai.

A Representante do club Caselas lle parece moi complicado e non ten xente para facelo.

O Presidente di que entende aos clubs, pero a Federación está facendo esforzos para facilitar aos clubs as cousas, se baixa o número de xogadores, o certificado médico na categoría alevín e benxamín, etc. Por iso pide aos clubs un esforzo.

O Presidente pide colaboración a todos os presentes e aínda que hai que ser flexibles, si non se fai obrigatorio ao final ninguén o fai.

Un representante pregunta se os vídeos poden servir ante unha reclamación dun club de cara ao Comité de Competición.

O Presidente di que si.

Procédese a realizar a votación para proposta nº 18: Modificación do Artigo 53 b) do NOREBAGA: CONSIDERACIÓNS COMPLEMENTARIAS, DIFUSIÓN DE RESULTADOS.

VOTACIÓN: SI: 13 NON: 2 ABSTENCIÓN: 9. Queda aprobada a proposta.

18ª (2) Modificación do Artigo 40 a) do NOREBAGA: RECOÑECIMENTO MÉDICO

O presidente informa de que esta proposta é para que alevín para abaixo non sexa necesario o recoñecemento médico e se poida tramitar a licenzia coa autorización dos pais baixo un modelo da Federación. Igualmente a Federación vai a facer unha proposta para pasar o recoñecemento dos xogadores por un importe de entre 10/15 € persoa desprazándose o médico.

Tamén hai un acordo para o tema das ambulancias que salga a 230 €/día aos clubs. Un prezo máis que competitivo.

O representante do club Porriño di que a nivel legal o certificado médico, exime aos clubs de calquera responsabilidade se hai algún percance, e pregunta se o certificado faría o mesmo,

O Presidente di que a lei do deporte non obriga a pedir o certificado médico, simplemente habilita á federación a solicitalo, pero nas categorías nas que se depende da federación española, xa que se poden clasificar para algún sector, ahí si que estamos obrigados a pedilo. E di que legalmente a responsabilidade é a mesma e que o ideal é pasar o recoñecemento médico, pero a federación perde de tramitar moitas licenzas por non conseguir o certificado.

O representante do club Bueu pregunta se é un certificado médico ou de saúde.

O vicepresidente Fernando Mosquera di que o certificado de saúde o da o pediatra ou o médico de cabeceira, pero ten que por que está apto para a práctica deportiva.

O Presidente di que lóxicamente un xogador alevín que se autorice para xogar en infantil, ten que ter o certificado médico si se clasifica para o campionato de España.

A representante do Club Seis do Nadal, di que un certificado médico es válido por dous anos.

O Presidente di que depende, o que firme o médico.

A representante do Club Seis do Nadal di que si o certificado non ten data.

O Presidente di que a nivel legal está igualmente cuberto que co certificado médico.

A representante do Seis do Nadal pregunta se non poden firmar o certificado as nais, xa que solo aparece pais ou titor.

O Presidente di que foi un erro, pero que se correxirá.

Procédese a realizar a votación para proposta nº 18 (2): RECOÑECIMENTO MÉDICO.

VOTACIÓN: SI: 22 NON: 1 ABSTENCIÓN: 1. Queda aprobada a proposta.

19 Modificación do Artigo 37 do NOREBAGA: COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

O Presidente di que ata o de agora cando un equipo xuvenil non tiña equipo cadete, estes xogadores tiñan que pagar o seguro deportivo da categoría xuvenil, o que se propón e que todas se tramiten a través do xogade, pero o que teñen que ter claro e que se non hai equipo cadete, eses xogadores van a ser xuvenil a todos os efectos, a única diferenza e no seguro deportivo, xa que entrarán no seguro do xogade.

Procédese a realizar a votación para proposta nº 19: MODIFICACIÓN ARTIGO 37: COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS.

VOTACIÓN: SI: 23 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1. Queda aprobada a proposta.

Ao finalizar esta votación o representante do Club Rasoeiro abandona a Asemblea.

20 Modificación do Artigo 48 a) do NOREBAGA: DEREITOS FORMACIÓN XOGADORES/AS

O Presidente lle cede a palabra ao Presidente do Comité de Competición.

O Presidente do comité di que é simplemente un tema procedamental, xa que a federación non ten un procedemento específico e se está aplicando o da Española, o que se quere é que quede reflexado por escrito para aplicalo como corresponde.

Procédese a realizar a votación para proposta nº 30:): DEREITOS FORMACIÓN XOGADORES/AS.

VOTACIÓN: SI: 23 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

20 (2) Modificación do Artigo 48 a) do NOREBAGA: REGLAS DE XOGO: MODIFICACIÓNS REGULAMENTARIAS

O Presidente di que hai situacións moi preocupantes, e hai que fomentar o arbitraje, por iso se quere incluír a tarxeta violeta. Esta tarxeta implica que nun partido de cadete para abaixo cando o comportamento dun adestrador, oficial é inadecuado o arbitro mostraría a tarxeta violeta e implicaría que o adestrador ou o oficial sancionado está obrigado a rematar pitando o encontro, sendo o resultado do partido 10-0 e o árbitro pode marchar, se se nega a pitar iso quería dicir que non se presentou o partido e acarrearía sanción económica.

Isto non quere dicir que os árbitros van a sacar tarxeta violeta porque si, xa que estará revisado polo Comité de Competición.

Se é co público co que hai problemas se avisará ao delegado ou responsable local e se este non pon unha solución e o público segue insultando ao colexiado o ao equipo contrario, etc. sacaralle tarxeta violeta ao delegado de campo e actuarase exactamente igual, tendo que pitar o adestrador do equipo sancionado, xa que súa obriga é sacar a persoa ou persoas que provocan incidentes no público. O Delegado de Campo é o que ten que realizar as súas funcións.

O representante do Club Bueu, di que é sinxelo o árbitro é quen lle ten que dicir ao delegado de campo quen é a persoa que está insultando desde a grada.

O Presidente di que o público ten moita repercusión sobre os nenos/as.

O representante do club Bueu, di que lle parece ben a tarxeta sobre todo como medida didáctica e para que os membros do club sancionado se poñan na pel do árbitro.

Procédese a realizar a votación para proposta nº 20 (2): MODIFICACIÓN DO ARTIGO 48 NOREBAGA: REGLAS DE XOGO. MODIFICACIÓNS REGULAMENTARIAS.

VOTACIÓN: SI: 20 NON: 0 ABSTENCIÓN: 2. Queda aprobada a proposta.

21 Modificación do Artigo 29 do R.R.D.-GA: CLAUSURA DO TERREO DE XOGO

O presidente lle cede a palabra ao Pte. Do Comité de Competición

O que se pretende e modificar o regulamento de Réximen Disciplinario, respecto á clausura do terreo de xogo, pero non da a alternativa de poder xogar o partido a porta pechada, e o comité cree que é

importante a alternativa, xa que o efecto que produce no público que se comporta de forma grave, non é o mesmo ir a ver xogar aos nenos ao concello limítrofe que non poder velos xogar.

Procédese a realizar a votación para proposta nº 21: ARTIGO 29 do R.R.D-GA CLAUSURA DO TERRO DE XOGO

VOTACIÓN: SI: 22 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0. Queda aprobada a proposta.

O presidente informa de que había dúas propostas que non cumprían os requisitos na súa presentación.

Unha delas á do Club Caselas que máis ou menos está enfocada coas aprobadas nesta asemblea.

Desde o club Ribeiro se plantexaba que as competicións non sexan únicamente provinciais e a federación vai na mesma liña.

PROPOSTA COMITÉ ARBITRAL: FÓRMULA ECONÓMICA

Hai propostas do Comité de Árbitros, o Presidente di que os fondos arbitrais están mal, xa que hai algún que non cubren pero faltan datos para presentar unha proposta, pero no futuro se plantexará unha proposta coa revisión dos fondos.

O representante dos árbitros José Pérez, explica a súa proposta, explicando que o incremento que o que se inclúe son os gastos de anotadores. O fondo en senior feminino, non cubre o que se paga, xa que entre os dereitos de abitraxe, xa case non da para o desprazamento.

O representante do Club Luceros, di que non cree que esa proposta se poida presentar, xa que na anterior asemblea se aprobou unha subida por catro anos, procede a ler a acta da asemblea anterior.

O representante dos árbitros, di que él fala da revisión de fondos non dos dereitos arbitrais.

Procédese a realizar a votación para PROPOSTA COMITÉ ARBITRAL: FÓRMULA ECONÓMICA

VOTACIÓN: SI: 2 NON: 16 ABSTENCIÓN: . Queda rexeitada a proposta.

APRAZAMENTO PARTIDOS DE LUNS A VENRES: O Representante do Comité de Árbitros, retira a proposta dos aprazamentos dos partidos.

SOLICITUDE DELEGADO FEDERATIVO: O Representante do Comité de Árbitros, retira a proposta.

O Presidente comprométese a presentar unha proposta en relación aos gastos do Delegado Federación na assemblea que se vai a convocar en novembro.

ROGOS E PREGUNTAS

O Presidente pide desculpas polo enfrontamento que se produciu ao principio da asemblea.

O representante do Club Poio di que se trataron varios temas con moita certeza que se aprobaron nesta asemblea pero di que vota de menos que non se fale do tema económico coa mesma certeza e roga que dunha vez por todas se presenten unhas contas claras.

O Presidente di que non hai ningunha intención de esconder nada, xa que cando se teñan as contas auditadas se poderá falar de números reais.

O representante do Club Poio di que a él non o convocaron a esa asemblea.

O Presidente di que xa lle pediu desculpas pero que o erro foi porque a xunta electoral da que él era parte tiña mal o seu correo de contacto.

A Directora Xeral di que os primeiros interesados en que as contas sexan claras e a xunta directiva, pero di que está desbordada de traballo e é moi complicado.

O Presidente di que o xefe de servizo de deportes vendo que estaban saíndo tan tarde e lle deu a contrasinal, e que todo o persoal está facendo horas.

A directora Xeral di que está aberta a que se alguén lle quere botar unha man ela estará encantada.

O Presidente di que se dará conta de todo, a intención non é de esconder nada.

O representante do club Cañiza roga queden claro o tamaño das porterías de benxamín, alevín e que quede por escrito.

O Presidente di que non pode obrigan aos clubs a comprar esas porterías.

O representante do club Cañiza di que se debe de por unhas normas, di tamén que na comisión delegada se dixo que o Noreba marca que hai que dar os horarios con dez días antelacións e que hai que facer cumprir a norma.

O representante do Ribadosar, di que non é posible, xa que o concello a él non lle da os horarios con tanta antelación.

O Presidente di que un dos motivos polos que se pon a norma de xogar os domingos pola tarde é para que os concellos entendan que ao balonmán tamén se xoga o domingo.

O Presidente do Ribadosar di que él non pode chegar cada ano cunha nova normativa ao Concello e non se pode cambiar cada ano.

O Presidente di que a Federación vai a ser inflexible cos pagos dos clubs, e coa páxina nova se vai a pagar a través da páxina. O máis urxente é que as persoas se afilien, e para tramitar a licenza o DNI é obrigatorio.

O representante do club Ribadosar di que os clubs necesitan un tutorial da páxina.

O Presidente di que o farán chegar aos clubs.

A representante do Club Atlántico pregunta se o certificado para os play off non serve o do ano pasado e si espera a recibir a proposta do médico para os certificados.

O Presidente di que non hai tempo material para visitar a todos os xogadores de Galicia e ter os certificados médicos para todas as categorías do play off.

O Presidente di que desde un club se lle propuso regular o tema dos dereitos de formación, pero hai moitas lagunas na mesma e ademais xa hay unha normativa ao respecto e o que se ten que ir e ao sentido común, xa que nas categorías base non se pode regular.

O representante do Club Luceros, di que a Xunta de Galicia non permite pedir dereitos de formación nun menor de 16 anos polo cal non ten sentido a proposta.

O representante do club Culleredo di que habería de sacar unha regulamentación do mini balonmán para que nas catro provincias se xogue ao mesmo, xa que as veces nin os árbitros saben a que hai que xogar e é moi complicado.

O representante do Club Luceros, quere deixar constancia de que o seu club a final non a xogará nun sitio onde haxa balonmán, xa que na última edición se xogou no Rosal e sinceramente non cree que sexa un sitio onde haxa que facer promoción.


O Presidente di que a idea é levala a un sitio onde se poida promocionar ou onde se poda facer unha festa e que se mova a afección.

O Presidente di que si hai algún club que se comprometa a levar o servizo de lavandería para o Mundial, será un servizo ben remunerado, pero cun compromiso en firme.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as 21:15 horas se levanta a sesión.

O Presidente,

A Secretaria Xeral



Bruno López Molina

M^a Luisa Sueiro Cardoso